

BASES DO III CONCURSO “VERBAS PARA... NAMORAR”

ANO 2010

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas o Concello de Soutomaior a través da Concellería de Xuventude promove este concurso que interrelaciona o amor, a mocidade e a lingua galega.

O Concurso “VERBAS PARA... NAMORAR” consiste na redacción dunha declaración de amor en lingua galega que pode ir dirixida a outras persoas, á natureza, a obxectos ou a calquera outra cousa animada ou inanimada que nos guste tanto que sexa capaz de despertar en nós sentimentos de amor.

OBXECTIVOS:

- Favorecer a participación da mocidade na creación de textos orixinais que expresen sentimentos de amor positivos nas relacións entre a mocidade cara aquilo que os/as emociona, etc.

- Normalizar e fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade, fóra de contextos formais e institucionais, dun xeito atractivo e lúdico.

- Potenciar os usos da lingua galega e os seus valores como unha lingua próxima, útil e moderna rachando estereotipos.

PARTICIPANTES:

- Mozos e mozas de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que estuden no Colexio Manuel Padín Troiteiro e no Colexio Santiago Apostol.

- Presentarán a súa obra de maneira individual.

DATOS XERAIS:

- A temática será o Amor e poderá estar escrita en prosa ou verso.

- Todas as declaracións que se envíen deberán estar escritas correctamente en lingua galega e sen faltas de ortografía.

- Estableceranse dúas categorías en función das idades das persoas participantes:

- Categoría A: idades de 12 a 14 anos

- Categoría B: idades de 15 a 18 anos

- Cada persoa presentará unha única declaración, que deberá ser inédita.

- Non poderán aparecer os datos persoais do/a autor/a na declaración nin no documento que se entregue. Estes datos deberán ir nun folio á parte para que logo poidamos identificalas.

- O tamaño do texto non poderá ser superior ás 10 liñas. O soporte será o papel ou cartolina e o seu tamaño non poderá superar un folio A4, pero si poderá ser inferior a este. O formato de presentación do papel será libre.

- Teranse en conta os seguintes criterios xerais: presentación, calidade creativa, orixinalidade da obra, riqueza de vocabulario, idade dos participantes e, o grao de elaboración en relación a contido e deseño.

- A organización poderá desbotar aquelas declaracións que conteñan mensaxes discriminatorias, groseiras ou ofensivas.

- As declaracións premiadas quedarán á disposición do Concello. O resto das declaracións entregaranse despois do día da entrega de premios se así o solicitan os/as autores ou centros de orixe.

- As declaracións premiadas expóranse na páxina web do Concello, no apartado da Concellería de Xuventude para que poidan ser consultadas por todas as persoas interesadas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN E LUGAR DE ENTREGA DAS POSTAIS

- O prazo de presentación das declaracións REMATARÁ O 30 DE ABRIL ÁS 20,30 HORAS.

- As declaracións deberán entregarse dentro dun sobre pechado na OMIX de maneira individual ou ben en grupo a través dos centros escolares. Se se entregan a través dos centros cada centro deberá encargarse de enumerar as declaracións presentadas e, nun folio á parte, escribir o número que lle corresponde a cada declaración e os datos persoais dos/as autores/as, que aparecen a continuación:

- Nome e apelidos
- Idade e categoría
- Lugar de residencia
- Teléfono de contacto

Importante: é moi importante que isto se faga así, para que a organización poida clasificar e identificar as declaracións e para garantir o anonimato do alumnado cando o xurado avalíe os traballos presentados e resolva o concurso.

PREMIOS

- Premiaranse SEIS postais por categoría:

CATEGORÍA	A	B
1º PREMIO	CÁMARA DE FOTOS DIXITAL + 1 PLUMA	CÁMARA DE FOTOS DIXITAL + 1 PLUMA
2º PREMIO	DVD PORTÁTIL + 1 PLUMA	DVD PORTÁTIL + 1 PLUMA
3º PREMIO	MARCO DIXITAL + 1 PLUMA	MARCO DIXITAL + 1 PLUMA
4º PREMIO	PRISMÁTICOS + 1 PLUMA	PRISMÁTICOS + 1 PLUMA
5º PREMIO	MP4 + 1 PLUMA	MP4 + 1 PLUMA
6º PREMIO	MP4 + 1 PLUMA	MP4 + 1 PLUMA

- O día da entrega de premios sortearase un **DICIONARIO da Real Academia da Lingua Galega** en cada colexio entre o alumnado participante no concurso.

- Todos/as os/as participantes deste concurso recibirán un **agasallo**.

- O **DÍA DA ENTREGA DOS PREMIOS SERÁ O VENRES 14 DE MAIO NOS COLEXIOS ONDE ESTUDEN OS/AS MOZOS/AS PREMIADOS/AS**. Despois da entrega de premios procederá á lectura das verbas premiadas. A hora queda pendente de concertarse cos centros para a súa mellor comodidade.